

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do

08/05/1958

Colección:

Data: 08/05/1958

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 08/05/1958

Bos Aires, 8-05-1958.

Moi estimado amigo Valentín:

A miña demora en contestar a súa atenta carta do 20 de marzal, non foi certamente por preguiza, sinón por unha orden termiñante do médico que en vista da outísima presión que me atopou, (máis de 30) obrigoume a un necesario e riguroso descanso, mesmo físico que mental, e non tiven outro remedio que “obedecer”. Agora estou atendida por dúas autoridades médicas, val decir, pol-o mellor que hai no Centro Galego, cada un na súa especialidade. Ambos tomaron este asunto con agarimo e moito intrés, pero...como pol-o visto a miña presión e máis ben de tipo emotivo, velahí que pouca ou ningu-ha esperanza poida abrigare...Aló o veremos, despois de que a radiografía, electrocardiograma e análise en xeral a que fun sometida, dictaminen o que teño.

Vexo, con sinceiro pesar, que tamén vostedes están con natural preocupación seguindo a pasao a doenza longa do seu curmán Xavier, i ogallá que a súa próxima noticia confirme a que todos desexamos.

No decorrer do derradeiro tempo, tiven carta de Clemencia e da miña sobriña Paz, confirmando ambas ter recibido, por mediación de vostede as cantidas de 1.000 pesetas asignadas a cada unha. Quedaron moi contentas, e máis aínda por creeren que esta “americana platuda” pode facer eses miragres sin sacrificio ningún...Mellor deixalas soñar...Pro a vostede amigo Valentín, direille, que como eiquí a vida está que arde cada día máis a pior, agradecereille moito que do resto da miña conta, e decir, que todo o que lle permitan retirar de ela, faga o favor de telo en condicións pra mo mandar, aproveitando o viaxe que Antón Rodríguez, actual Presidente do Centro Ourensán, pensa facer a TERRA en compañía da súa dona. Supoño, que estos, bos amigos de todos, se verán con vostedes e nunc a mellor ocasión podrá presentarse. Eu xa lle falei, e díxome que con moitísimo gusto sería portador de ises cartos.

Arxentina ten xa seu novo Presidente, e ogallá poida arranxar esta difícil situación en que se atopa o país. É unha breva demasiado podre. O día da transmisión do mando, o país viviu unha xornada “escalofriante” de emoción, uns acramando aos novos mandatarios, outros, -unha inmensa multitude- pra ver, acramar e despedirse, aos que se iban, deixando tristura e desalentó nos curazóns, porque, si e verdade qu eno decorrer do seu mandato cometeron algún erro (quén non-os ten) ninguén lles pode negar que cumpriron a súa palabra empeñada, que actuaron con honestidade política e foron SEÑORES con dignidade dende o comezo ao final. O discurso do Presidente electo, pronunciado na asamblea de Lexisladores, foi, o que se dí, unha peza formidabre, e si cumpre, mellor dito, si lle deixan cumprir as moitas promesas expostas, o país está “salvado”. Esperemos.

Alégrome moito, que Pilar siga mellorando da súa doenza, e o simpático Alfonso esté descansando contento tomándose boas vacacións. Pra eles e vostede, unha aperta garimosa da súa amiga.

Virxinia

Transmitín seus saúdos aos amigos, e llos retribuien con agarimo.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.